



**FERNANDO TORRE COMESAÑA, SECRETARIO-INTERVENTOR DO
CONCELLO DE CARBALLEDO, PROVINCIA DE LUGO**

CERTIFICA que con data 28 de decembro de 2015, a Xunta de Goberno Local do Concello de Carballedo, por unanimidade dos seus membros, adoptou, entre outros, o seguinte **ACORDO**:

**“6º.- APROBACIÓN DE BASES PARA A CONTRATACIÓN DE UN TÉCNICO DE
ORIENTACIÓN LABORAL.-**

**Asunto: Bases e convocatoria para a preselección de 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN
LABORAL PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA AGRUPACIÓN DE
CONCELLOS DE CARBALLEDO E CHANTADA.-**

**CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO A
TEMPO COMPLETO de 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL, SENDO O SERVIZO
DETERMINADO O DE CUBRIR A PRAZA DE TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL DO
SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CARBALLEDO
E CHANTADA, DESDE A DATA DA CONTRATACIÓN E ATA O REMATE DO ACTUAL
PERÍODO SUBVENCIONADO QUE FINALIZA O 14 DE OUTUBRO DE 2016, DEBIDO Á
BAIXA VOLUNTARIA E DEFINITIVA DA ACTUAL ORIENTADORA LABORAL.-**

(O procedemento de preselección está regulado na Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015 – en especial, ver o artigo 10 de dita Orde-, e na edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego).-

Vista a Resolución da Directora Xeral de Emprego e Formación de data 19 de maio de 2015, pola que se lle concedeu á entidade Concello de Carballedo unha subvención ao abeiro da citada Orde do 23 de decembro de 2014, para a prórroga da contratación da Orientadora Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada, desde o 15/10/2015 ao 14/10/2016.

Vista a baixa voluntaria e definitiva da Orientadora Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada, asinada entre as partes con data 21 de decembro de 2015.

Sendo necesario proceder á contratación laboral temporal baixo a modalidade de obra ou servizo determinado a tempo completo de **1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL**, sendo o servizo determinado o de cubrir a praza de Técnico/a de Orientación Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada, desde a data de contratación e ata remate do actual período subvencionado que finaliza o 14 de outubro de 2016.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

Considerando a necesidade de proceder á maior urxencia á dita contratación para a cobertura inmediata do servizo, acudindo aos servizos públicos de emprego.

Vistas as competencias delegadas pola Alcaldía mediante Resolución de data 6 de xullo de 2015, e o resto de atribucións conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade de seus membros, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar as bases segundo anexo que acompaña ao presente acordo, así como a convocatoria para a preselección de persoal laboral temporal de 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL para cubrir a baixa voluntaria e definitiva da Orientadora Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de Concellos de Carballedo e Chantada.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto con cargo ás partidas correspondentes do orzamento municipal para 2016.

TERCEIRO.- Publicar no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello anuncio indicativo deste procedemento de selección, así como o texto íntegro das bases que rexerán a convocatoria.

CUARTO.- Dar traslado do presente acordo ao Axente de Emprego para a súa tramitación, así como ao Pleno na seguinte sesión que se celebre.”

ANEXO

Bases e convocatoria para a preselección de 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CARBALLEDO E CHANTADA.

CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL POR OBRA OU SERVIZO DETERMINADO A TEMPO COMPLETO de 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL, SENDO O SERVIZO DETERMINADO O DE CUBRIR A PRAZA DE TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL DO SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CARBALLEDO E CHANTADA, DESDE A DATA DA CONTRATACIÓN E ATA O REMATE DO ACTUAL PERÍODO SUBVENCIONADO QUE FINALIZA O 14 DE OUTUBRO DE 2016, DEBIDO Á BAIXA VOLUNTARIA E DEFINITIVA DA ACTUAL ORIENTADORA LABORAL.-

1. OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto das presentes bases é regula-la preselección de aspirantes para a contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado a tempo completo de 1 Técnico/a de Orientación Laboral, sendo o servizo determinado o de cubrir a praza de Técnico/a de Orientación Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

de concellos de Carballedo e Chantada, debido á baixa voluntaria e definitiva da actual Orientadora Laboral, desde a data da contratación e ata o remate do actual período subvencionado que finaliza o 14 de outubro de 2016.

(O procedemento de preselección está regulado na Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015 – en especial, ver o artigo 10 de dita Orde-, e na edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego).-

O ámbito de actuación do Técnico/a de Orientación Laboral da Agrupación de concellos de Carballedo e Chantada será o dos municipios de Carballedo e Chantada, sen prexuízo de que, conforme á normativa aplicable, o Servizo de Orientación Laboral da Xunta de Galicia lle asigne na súa axenda aos usuarios que estime oportunos. A sede deste Servizo de Orientación Laboral radica nas oficinas municipais da Casa do Concello de Carballedo.

O/a Técnico/a de Orientación Laboral realizará as funcións que lle asigna a citada Orde do 23 de decembro de 2014 (en especial as establecidas no artigo 3 da mesma), cumprindo as instrucións e circulares que emita a Consellería competente da Xunta de Galicia e o resto da normativa aplicable, tendo especial importancia todo o relacionado coa lexislación referente á protección de datos.

A modalidade contractual será por obra ou servizo determinado a tempo completo (código 401), sendo o servizo determinado o de cubrir a praza de Técnico/a de Orientación Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de concellos de Carballedo e Chantada, debido á baixa voluntaria e definitiva da actual Orientadora Laboral, desde a data da contratación e ata o remate do actual período subvencionado que finaliza o 14 de outubro de 2016,

A xornada de traballo será a tempo completo, de 40 horas semanais, prestadas de luns a venres, cos descansos que establece a lei.

A duración do contrato estenderase desde a data de sinatura do mesmo e ata o 14/10/2016, día no que remata o actual período subvencionado. O período de proba será o máximo legal establecido.

A retribución será de 1.261,67 euros brutos mensuais, estando incluída nesta cantidade as extras prorrateadas. A cotización empresarial á Seguridade Social ascende a 405 euros por mes, sendo o custe empresa mensual de 1666,67 euros como máximo.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

2.- REQUISITOS DOS ASPIRANTES.-

2.1 Requisitos xerais:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea

ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así estea previsto no correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas. Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezaoto anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente non ter sido sometido a sanción disciplinario ou equivalente que impida no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.

f) Posuír o permiso de conducir clase B.

g) Cumprir os requisitos de preselección que sinala o artigo 10 da Orde de 23 de decembro de 2014, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015:

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES PARA SUPERAR A FASE DE BAREMACIÓN DO CURRÍCULO:

Requisitos de titulación:

- Título de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o ou grao ou
- Título universitario de enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao.



Requisitos de puntuación:

- Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos.

Titulacións preferentes (técnicos/as de orientación)

– **Psicoloxía, Pedagogía, Psicopedagogía, Socioloxía/Ciencias Políticas e Socioloxía (Secc. Socioloxía), Ciencias do Traballo, Educación Social, Traballo Social, Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais/ Graduado/a Social.**

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Non é requisito imprescindible que o/a candidato/a estea inscrito nas Oficinas do Servizo Galego de Colocación na modalidade de mellora de emprego ou como demandante de emprego. Polo tanto, poden presentarse a esta preselección todos os aspirantes que cumpran os requisitos mínimos establecidos nestas bases.

Todos os requisitos esixidos nestas bases deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias, e mantelos ata o momento da formalización do contrato.

3. PROCEDEMENTO DE PRESELECCIÓN.-

O Concello de Carballedo solicitará os candidatos na oficina de emprego de Chantada mediante a presentación da correspondente oferta nos modelos normalizados a tal efecto, facendo referencia aos requisitos que deba reunir o aspirante que se contratará para o adecuado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

A oferta na súa formulación, non poderá conter elementos que poidan servir de base para calquera tipo de discriminación que non responda aos criterios preferenciais establecidos na Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015 –en especial, ver o artigo 10 de dita Orde-, e na edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego.

Recibida a oferta, a oficina de emprego realizará unha sondaxe de demandantes en función das características dela atendendo á maior adecuación ao posto ofertado, para finalmente proporcionar ao Concello de Carballedo a listaxe dos candidatos.

Coa documentación remitida polo Servizo Galego de Colocación, entenderase que os/as interesados/as aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

Unha vez recibida polo Concello a listaxe dos aspirantes que reúnan os requisitos esixidos na devandita oferta, se lles requirirá aos candidatos para que comparezan nas oficinas municipais no **prazo máximo de 4 días naturais, aos efectos de presentar instancia** (cuxo modelo se adxunta no Anexo I) no rexistro xeral do Concello, así como a documentación precisa para a participación no/s proceso/s selectivo/s.

A instancia acompañarase de:

-Fotocopia compulsada do DNI

-Acreditación dos méritos baremables conforme aos criterios de selección establecidos nas presentes bases, mediante copias compulsadas dos certificados ou títulos válidos para a acreditación dos mesmos.

-Copia cotexada do título ou declaración ou certificado de estar en condición (antes da finalización do prazo para a presentación de instancias) de obtelo título esixido nas bases para a praza.

-Declaración xurada de non estar separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin de atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial,

-Declaración xurada de non atoparse incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade,

- Declaración xurada ou certificado médico de non padecer enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.

4. CRITERIOS PARA A PRESELECCIÓN.-

En atención ao carácter temporal da relación, a preselección efectuarase mediante concurso de méritos, entrevista curricular, e fase de oposición.

FASE DE CONCURSO.- PUNTUACIÓN MÍNIMA A ACADAR DE 5 PUNTOS:

- A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos, que son os establecidos na Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015 –en especial, ver o artigo 10 de dita Orde-, e na edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego:



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

REQUISITOS IMPRESCINDIBLES PARA SUPERAR A FASE DE BAREMACIÓN DO CURRÍCULO:	
Requisitos de titulación: <ul style="list-style-type: none">• Título de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o ou grao ou• Título universitario de enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao Requisitos de puntuación: <ul style="list-style-type: none">• Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos	
TITULACIÓN ACADÉMICA (MÁXIMO 2,5 PUNTOS)	PUNTUACIÓN
Titulacións preferentes (técnicos/as de orientación) <ul style="list-style-type: none">– Psicoloxía– Pedagogía– Psicopedagogía– Socioloxía/Ciencias Políticas e Socioloxía (Secc. Socioloxía)– Ciencias do Traballo.– Educación Social– Traballo Social– Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais/ Graduado/a Social	2,5 puntos
Titulacións preferentes (prospectores/as de emprego) <ul style="list-style-type: none">– Dereito– Economía– Administración e Dirección de Empresas– Ciencias do Traballo.– Ciencias Empresariais.– Relacións Laborais e Recursos Humanos/Relacións Laborais/Graduado/a Social	2,5 puntos
Outra titulación de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o, enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao (para o caso de ter varias titulacións, só se contará unha)	1,5 puntos
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (MÁXIMO 2 PUNTOS)	PUNTUACIÓN
Máster, cursos en materias relacionadas co posto ofertado	0,1 puntos por cada 30 horas formativas
EXPERIENCIA PROFESIONAL (MÁXIMO 5 PUNTOS) <p>A experiencia profesional deberá acreditarse a través de certificación oficial de vida laboral actualizada máis copia do contrato ou certificado de empresa en que consten as tarefas realizadas, e IAE (alta e actualización) no caso de traballadores autónomos.</p> <p>Cando se trate de colaboracións, bolsas, titorías, docencia, educación social ou servizos sociais, estes deberán acreditarse mediante certificación de organismos oficiais en que deberá constar o tempo de realización.</p>	PUNTUACIÓN
Por cada mes realizando tarefas directamente relacionadas co posto ofertado: orientación laboral/profesional, titorías laborais con persoas adultas, inserción laboral, etc.	0,4 puntos por cada mes
Por cada mes realizando tarefas técnicas indirectamente relacionadas co posto ofertado (máximo 2 puntos nesta epígrafe)	0,1 puntos por cada mes
OUTROS MÉRITOS (MÁXIMO 0,5 PUNTOS)	PUNTUACIÓN
CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado	0,25 puntos
Cofecementos de informática debidamente acreditados	0,25 puntos



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias.

FASE DE ENTREVISTA CURRICULAR. MÁXIMO DE 3 PUNTOS.

Trátase dunha entrevista persoal de carácter curricular cuxo fin estriba en valorar a adecuación dos candidatos respecto das funcións a desempeñar. Consistirá na realización dunha entrevista cuxa duración máxima será de 15 minutos, na que se valorará, atendendo a criterios obxetivos de mérito e capacidade, a iniciativa e interese no desempeño das funcións do posto solicitado, sempre en relación cos méritos aportados polos aspirantes previamente valorados na fase do concurso.

FASE DE OPOSICIÓN (EXERCICIO TIPO TEST). MÁXIMO: 20 PUNTOS.

PUNTUACIÓN MÍNIMA A ACADAR NO TEST: 10 PUNTOS.

A fase de oposición consistirá en contestar por escrito a un exercicio de 20 preguntas tipo test, con 4 respostas alternativas das que só unha delas é a correcta. As respostas erróneas non descontan. Os aspirantes terán que acadar unha puntuación mínima de 10 puntos para superar este exercicio.

5. TRIBUNAL SELECCIONADOR.-

O tribunal cualificador estará constituído da seguinte forma:

Presidente/a: A Traballadora Social do concello de Carballedo.

Suplente do presidente: outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

Vogais:

1º vogal: O Técnico Local de Emprego do Concello de Carballedo.

Suplente 1º vogal: Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

2º vogal: A Representante Sindical dos traballadores do Concello de Carballedo.

Suplente 2º vogal: Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

3º vogal: A Axente TIC do Concello de Carballedo.

Suplente 3º vogal : Outro persoal laboral do Concello de Carballedo.

- **Secretario/a:** o do Concello de Carballedo ou funcionario/a en quen delegue.

Seralle de aplicación ó tribunal o previsto nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 14 de xaneiro, en canto á abstención e á recusación.

A Presidencia ou o tribunal poderá dispor a incorporación ós seus traballos dun asesor especialista, con voz e sen voto, cando a natureza ou circunstancias das probas así o aconsellen, limitándose o mencionado asesor a prestar a súa colaboración na súa especialidade técnica.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

A preselección levarase a cabo no lugar, día e hora que se especifique mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de edictos do concello cunha antelación de un día hábil, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros con dereito a voto, sendo imprescindible en todo caso a asistencia do/a presidente/ e do/a secretario/a, esta última persoa sen voto.

A súa composición axustarase os principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e tenderase a paridade entre homes e mulleres.

Deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso a dita praza e non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente.

Segundo o recollido no art. 60 da Lei 7/2007 de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, na designación dos membros do tribunal tenderase a buscar a paridade entre mulleres e homes, e en todo caso, actuarase seguindo os principios de imparcialidade e profesionalidade dos membros, téndose así mesmo en conta que, o persoal de elección, de designación política, os funcionarios interinos e o persoal eventual non poderán formar parte dos órganos de selección.

O tribunal actuará con suxeición ás bases de convocatoria, quedando facultado para resolver cantas cuestións se susciten na súa interpretación.

O día da preselección os candidatos comparecerán co DNI/Tarxeta de residencia.

6. PROCEDIMENTO DE PRESELECCIÓN.-

O procedemento de preselección está regulado na Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015 – en especial, ver o artigo 10 de dita Orde-, e na edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía aprobarase a lista de admitidos/as e excluídos/as, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello, concedéndose un **prazo de un día hábil para reclamacións ou corrección de erros** (non para alegar novos méritos non alegados até entón), en dita resolución fixarase a **data e hora para a realización da fase oposición e da entrevista curricular**, para xeral coñecemento dos candidatos.

O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten, elevará –no seu caso- a definitiva a lista de admitidos/as e excluídos/as. O tribunal valorará os méritos alegados polos/as candidatos/as presentados/as, publicándose no taboleiro de anuncios as puntuacións obtidas polos/as aspirantes. Para valora-los méritos será



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO

Teléfono: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52

E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

necesario que se presenten documentos xustificativos dos mesmos; en ningún caso se terán en conta os méritos que non estean debidamente xustificados.

Todas as notificacións que se realicen respecto ó presente procedemento de selección, levaranse a cabo exclusivamente, de acordo co establecido no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, a través de publicacións no taboleiro de anuncios do Concello. O ditaminado polo tribunal someterase á Alcaldía para a decisión que proceda mediante decreto, que será publicado no taboleiro do Concello.

7. PROCESO DE SOLICITUDE BAREMACIÓN DO CURRÍCULO DO ASPIRANTE PRESELECCIONADO ANTE O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA XUNTA DE GALICIA.-

(Ver: Edición 01 de data 26/05/2015 do Manual de Instrucións Operativas para entidades beneficiarias da subvención para a realización de accións de información, orientación e prospección de emprego).

Unha vez realizada a preselección, o Concello de Carballedo remitirá ao Servizo de Orientación Laboral da Dirección Xeral de Emprego e Formación, a través do enderezo electrónico orientacion.laboral@xunta.es, indicando no asunto do mesmo "SOLICITUDE BAREMACIÓN PERSOAL TÉCNICO (Nº EXPEDIENTE E ENTIDADE)", a seguinte documentación escaneada:

- Solicitud de baremación (segundo modelo anexo 2.6.1).
- Currículum vitae completo, preferentemente no modelo oficial do Servizo Público de Emprego de Galicia, facendo constar os méritos a baremar de acordo coa táboa establecida no artigo 10.2 da orde de convocatoria (Anexo I deste Manual).
- Copia auténtica da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos a baremar, escaneada. Para a acreditación do requisito de experiencia laboral será necesario o correspondente certificado de vida laboral. Non será necesario presentar copias desta documentación acreditativa cando se presente o curriculum vitae do Servizo Público de Emprego de Galicia, e neste os méritos alegados consten con forma de acreditación documental e conste o número de horas da formación complementaria relacionada.

No caso de consideralo necesario, en calquera momento ao longo do proceso, o persoal do Servizo de Orientación Laboral poderá solicitar aclaracións ou o envío por rexistro da documentación que se achega escaneada, para verificar a súa correspondencia coa que figura no expediente.

O proceso de baremación consistirá simplemente na comprobación de que o candidato remitido cumpre os requisitos mínimos esixidos na orde de convocatoria de acordo coa táboa establecida no artigo 10.2 (Anexo I deste Manual), o que se acreditará mediante acta asinada conxuntamente co representante legal da entidade. Estes requisitos son:



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomefe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

- Ter título de licenciada/o universitaria/o, arquitecta/o, enxeñeira/o, enxeñeiro/a técnico, diplomado/a universitario, arquitecto/a técnico ou grao e
- Acadar unha puntuación mínima total en currículo de 5 puntos.

A partires dese momento (é dicir, da data que figure na acta) a **entidade poderá proceder á contratación do persoal**, de acordo coas instrucións descritas no seguinte apartado.

Para o caso de que a persoa candidata remitida non acade os requisitos imprescindibles para superar a fase de baremación, comunicárase esta circunstancia á entidade beneficiaria para que volva a remitir unha nova solicitude, proceso que poderá repetirse tantas veces coma sexa necesario, sempre dentro do prazo de contratación previsto na resolución de concesión.

8. CONTRATACIÓN.-

O/a candidato/ha seleccionado/a poderá ser contratado en virtude de Resolución do Sr. Alcalde da Corporación, sendo obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios do Concello.

O contrato será laboral de carácter temporal por obra ou servizo determinado, a tempo completo, de 1 Técnico de Orientación Laboral, sendo o servizo determinado o de cubrir a praza de Técnico de Orientación Laboral do Servizo de Orientación Laboral da Agrupación de concellos de Carballedo e Chantada, desde a data da contratación e ata o remate do actual período subvencionado que finaliza o 14 de outubro de 2016.

En calquera caso, no contrato de traballo subscrito **deberá constar con claridade a prestación dos servizos información e orientación laboral**.

9. RECURSOS.-

Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses (contados dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado dende o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recursos de reposición interposto.

Todo iso sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante deste proceso.



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

ANEXO I MODELO DE INSTANCIA.

SOLICITUDE PARA PARTICIPAR NA SELECCIÓN 1 TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL PARA O SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL DA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE CARBALLEDO E CHANTADA.

DATOS PERSOAIS

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NOME	DNI
TELÉFONO PARTICULAR	TELÉFONO MÓBIL
DOMICILIO ÓS EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS	
MUNICIPIO E PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO	

DECLARO:

- 1) Que coñezo na súa integridade as bases que rexen esta convocatoria.
- 2) Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.
- 3) Que autorizo ó Concello de Carballedo para a publicación dos meus datos persoais (nome, apelidos e D.N.I.) e das posibles causas de exclusión, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

SOLICITO: Ser admitido no proceso selectivo achegando ao presente escrito os méritos para seren valorados.

En Carballedo, a de de 2016.

Asdo.:.....

DOCUMENTACIÓN QUE SE ADXUNTA:

- Copia compulsada do DNI.
- Copia compulsada do permiso de conducir clase B.
- Copia compulsada do Título esixido.
- Declaración xurada.

-Acreditación dos méritos baremables:

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

- _____

(no caso de ser necesario continuarase ao reverso enunciando a documentación que se achegue)

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)



CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeñe, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net

DECLARACIÓN XURADA.

D....., con DNI nº
e domicilio a efectos de notificación en
en relación as bases aprobadas polo Concello de Carballedo para a selección de un
traballador para o posto de TÉCNICO/A DE ORIENTACIÓN LABORAL, como persoal
laboral temporal,

Declaro baixo xuramento:

- Que non fun separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera administración pública ou órgano constitucional ou estatutario da Comunidade Autónoma.
 - Que non me atopo en inhabilitación absoluta ou especial para empregos públicos por resolución xudicial.
 - Que non me atopo incurso en causa de incompatibilidade ou incapacidade.
 - Que non padezo enfermidade nin limitación física ou psíquica incompatible co desenvolvemento das funcións correspondentes ao posto de traballo.
- Carballedo, de de 2016.

Asdo.:





CONCELLO DE CARBALLEDO (LUGO)

Plaza V. Portomeña, 1 | 27520 A BARRELA (Carballedo) LUGO
Teléfs.: 982 46 62 01 | Fax: 982 46 63 52
E-mail: concello@ccarballedo.e.telefonica.net


E para que así conste asino a presente, coa salvedade prevista no artigo 206 do ROF, e co visto e prace do Sr. Alcalde, D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco, en Carballedo, a 28 de decembro de 2015.

O Secretario



D. Fernando Torre Comesaña

Vº e Pr..
O Alcalde



D. Julio M. Yebra-Pimentel Blanco